- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
10	Morfoloxía verbal I	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da morfoloxía verbal.	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía verbal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.	TI	35
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfoloxía verbal.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía verbal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfoloxía verbal.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfoloxía verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
11	Morfoloxía verbal II. formas nominais	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando as formas nominais dos verbos.	PE	65
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos das formas nominais dos verbos nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.	TI	35
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas do sistema verbal grego e asimilando as formas nominais dos verbos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe das formas nominais dos verbos, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente as formas nominais dos verbos.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta ás formas nominais dos verbos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> </ul> </li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
12	Sintaxe I: valores dos casos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando os valores dos casos.	PE	65
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar os valores dos casos nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.	TI	35
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os valores dos casos.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe dos valores dos casos, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente os valores dos casos.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta aos valores dos casos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra,</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	Sintaxe II: oración de relativo, de participio e de infinitivo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da subordinación e da oración de relativo.	PE	65
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da subordinación e da oración de relativo nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da subordinación e da oración de relativo.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da subordinación e da oración de relativo, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.	TI	35
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da subordinación e da oración de relativo.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á subordinación e á oración de relativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A materia de Grego, como a de Latín, ten unha serie de elementos que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua grega é iso, unha lingua, o que supón a posibilidade de empregar metodoloxías propias da aprendizaxe de calquera outra lingua que permitan a adquisición de destrezas, como son a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita, ademais da interacción oral.

A consideración das linguas clásicas como linguas mortas propiciou nos últimos dous séculos a consolidación dunha metodoloxía moi particular de aprendizaxe, baseado nun profundo coñecemento gramatical e na utilización constante de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos a través da tradución dos textos gregos cara á lingua propia.

Por outra parte, cómpre considerar que o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos non lingüísticos relacionados coa xeografía, historia, sociedade, relixión e legado para os cales hai que utilizar unha metodoloxía ben diferente.

#### METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS NON LINGÜÍSTICOS.

1. Fundamentalmente consistira na explicación por parte do profesorado e traballo posterior do alumnado mediante a elaboración de exercicios e traballos guiados e que se avalía fundamentalmente a través de táboas de indicadores como rúbricas.
2. Outra opción é a aula invertida (flipped classroom). Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo e despois procédese a traballar de modo activo na aula aplicando ese coñecemento previo adquirido. Esta metodoloxía presenta, entre outros, o reto de que tanto profesorado como alumnado debe contar con acceso e suficiente destreza de uso das TIC.
3. Traballo por proxectos, que require un no que a vinculación da materia a este resulte clara e convincente e unha planificación precisa e realista dos tempos, dos procesos e tarefas así como dos produtos ou resultado final do traballo.

#### METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.

Nesta proposta de programación distinguimos entre unha aproximación gramaticalista (tamén chamada tradicional) e unha aproximación a partir de métodos activos. Ambos os dous métodos teñen cabida no currículo.

1. Metodoloxía para un enfoque gramaticalista de aprendizaxe de linguas. Este enfoque parte da premisa de que o grego clásico é unha lingua morta, ou cando menos, non falada, e, consecuentemente, as destrezas e coñecementos precisos para o uso da mesma non poden ou non deben ser traballados. En tanto que o obxectivo é a tradución correcta de textos orixinais literarios, priorízase a aprendizaxe profunda e completa da gramática, tanto a morfoloxía como a sintaxe, en detrimento do vocabulario e as construcións idiomáticas, que se deixan para a súa procura no dicionario. Crea, porén, a sensación no alumnado de que a aproximación a un texto dunha lingua clásica supón un traballo de lóxica e aplicación de normas que o asemella moito á resolución de exercicios doutro tipo de materias. En calquera caso, o alumnado que se achega ao latín e ao grego por esta vía asocia esta materia máis como unha materia auxiliar para a lingua castelá ou galega ca coas linguas estranxeiras do seu repertorio.

A metodoloxía habitual nesta aproximación parte da explicación gramatical e sintáctica por parte do persoal docente, para pasar despois á elaboración de exercicios nos que se exemplifica ou reforza os coñecementos adquiridos. Normalmente, para alixerir a acumulación duns contidos tan áridos inclúense nas unidades didácticas aspectos doutros bloques de contidos que poidan introducir certa variedade.

2. Metodoloxía a partir de métodos activos. Esta perspectiva parte da premisa de que o grego é unha lingua e que, como tal, o proceso de aprendizaxe da mesma debe ser o máis semellante posible ao proceso de adquisición de calquera outra lingua. O obxectivo final é que o alumnado poida acceder aos textos da literatura grega a través da súa lectura, entendéndoa como o acto automático polo que unha persoa comprende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras. Por tanto, neste enfoque os aspectos lingüísticos a traballar veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á gramática como ao vocabulario, e pola procura da intelección non reflexiva, cando menos en principio, do texto.

A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o profesorado, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto non implica, porén, que nesta aproximación non haxa explicación gramatical ou aclaracións de natureza sintáctica. O que acontece é que a diferenza do enfoque gramaticalista, neste caso a aprendizaxe de gramática e sintaxe non é máis

ca unha ferramenta de apoio a usar puntualmente e sempre despois de experimentar o seu uso nos textos.

Estes métodos anteriormente mencionados non teñen por que ser necesariamente contrarios, ficando en mans do docente decidir o emprego de aspectos dun ou doutro en función das súas preferencias, do momento de ensinanza e das características do grupo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
<b>MATERIAIS</b>
- Neste curso non está previsto que o alumnado empregue ningún libro de texto.
- A persoa docente proporcionará o material necesario para seguir as clases: fotocopias, apuntes, fichas elaboradas polo docente.
- Léxicos.
<b>RECURSOS</b>
- A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de teatro grecolatino
- Outros libros de lectura.
- Enderezo electrónico, acceso a internet, aula virtual do IES.
- Materiais audiovisuais: películas, vídeos, música
- Dicionarios en papel ou en liña como pode ser <a href="https://www.dicciogriego.es/">https://www.dicciogriego.es/</a>
- Prensa
- Recursos en rede

- Traeranse a clase fragmentos de diversas lecturas relacionadas coa materia. Por exemplo Rosemary Sutcliff: Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea; Irene Vallejo, O infinito nun xunco;...

-Recursos en rede: desde dicionarios, ata páxinas especializadas no mundo antigo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Cultura Clásica ou Latín na ESO. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na primeira ou segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico.

### OBXECTIVOS

1. Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
2. Coñecer as motivacións do alumnado para a escolla da materia de Grego I.
3. Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE)
4. Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura helénica en xeral e da lingua grega en particular.

### INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados

anteriormente.

2. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de clase.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>9</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	0	75	75	0	0	65	65	65	65	65
<b>Táboa de indicadores</b>	100	25	25	100	100	35	35	35	35	35

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	65	65	65	<b>58</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	35	35	35	<b>42</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

En todas as avaliacións a cualificación obterase da seguinte forma:

25% procedente das unidades dedicadas a aspectos culturais e/ou históricos. Cada UD terá a súa propia nota e obterase segundo os precedementos concretados nesta programación.

1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: media simple da UD1 e UD2.

2.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: UD3.

3.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: media simple da UD4 e UD5.

75% procedente das unidades de contidos gramaticais. Prevéese que en cada avaliación se farán dous exames con estes contidos, dos que se fará unha media.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

Debido ao carácter progresivo dos contidos gramaticais, o peso de cada unidade distribuiráse de diferente forma en cada avaliación: UD6: 3, 1, 1; da UD7 a UD13: 2, 3, 5. Por esta razón, a cualificación final será o resultado da media ponderada das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:

1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: achega o 25% da cualificación final.

1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: achega o 31% da cualificación final.

1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: achega o 44% da cualificación final.

Así pois a fórmula final é:

$(1.^{\text{a}} \text{ av.} \times 0,25) + (2.^{\text{a}} \text{ av.} \times 0,31) + (3.^{\text{a}} \text{ av.} \times 0,44)$

Non haberá ningún tipo de limitación na aplicación desta fórmula (isto é, se unha alumna, por exemplo, que ten a

materia aprobada).

#### IMPORTANTE

1. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.
2. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.<sup>a</sup> avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.
3. No caso de que a cualificación da 3.<sup>a</sup> avaliación sexa superior á da 2.<sup>a</sup>, tendo en conta que os contidos lingüísticos son obxecto de avaliación progresiva, poderá substituír na fórmula a cualificación orixinal da 2.<sup>a</sup> avaliación pola da 3.<sup>a</sup>.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas. Hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen.
2. Táboa de indicadores. As variedades máis usadas serán a rúbrica, a lista de cotexo e a observación.

#### **Criterios de recuperación:**

1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> avaliacións. O alumnado que non chegue ao 5 na primeira avaliación poderá facer unha recuperación durante a 2.<sup>a</sup> ou 3.<sup>a</sup> avaliación que poderá ser selectiva (isto é, avaliar soamente aqueles contidos que non superou) e oral, sempre se a persoa docente considera que isto pode redundar nun beneficio para o alumnado afectado.

#### Avaliación extraordinaria.

En tanto que avaliación extraordinaria, o alumnado ten dereito a unha proba global da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10. O alumnado que así o manifieste, poderá optar a este tipo de proba e, por tanto, a cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso.

En todo caso, a avaliación extraordinaria tentará ser, en todo caso, selectiva, isto é, avaliar a cada persoa discente daquelas partes do programa que impiden que chegue ao 5 na aplicación da fórmula de cualificación final. Deste modo, un informe individualizado especificará os contidos que a persoa precise recuperar, puidendo darse as seguintes situacións: recuperación da parte gramatical (neste caso a avaliación extraordinaria abranguerá o total dos contidos lingüísticos); recuperación parcial das UD de contidos históricos e culturais.

A cualificación final tras a avaliación extraordinaria será o resultado da aplicación das fórmulas en cada avaliación e na avaliación final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que unha persoa discente pase a 2.<sup>o</sup> curso de bacharelato coa materia Grego I pendente, háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.

1. O alumnado afectado pode seguir o curso de 2.<sup>o</sup> como o resto do alumnado dándosele por aprobada a materia de 1.<sup>o</sup> no caso de aprobar a 1.<sup>a</sup> avaliación de 2.<sup>o</sup> Bacharelato, sendo a cualificación de 1.<sup>o</sup> a mesma.
2. No caso de que o resultado da 1.<sup>a</sup> avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica na 2.<sup>a</sup> avaliación. A cualificación obtida nesta proba será a nota de Grego I.

Calquera que sexa o caso, faráse un seguimento dos progresos do alumnado implicado, con materiais específicos para a súa preparación: deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios na aula virtual, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento.

#### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

O alumnado que queira cursar Grego II sen cursar previamente Grego I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela. Esta acreditación poderá ser realizada de dúas maneiras:

1.º Preferentemente, cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

2.º Realizando unha proba específica antes do inicio das actividades lectivas do curso. Neste caso a proba constará das seguintes partes:

a) Pregunta tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, entre outros aspectos culturais, e a orixe da lingua grega. Esta pregunta achegará o 25 % da puntuación total da proba.

b) Exercicio de lectura en voz alta de texto grego. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.

c) Exercicio de análise e tradución de texto gregoa castelán ou galego, segundo prefira a persoa discente. Esta pregunta achegará o 75 % da puntuación total da proba.

Hase considerar que acredita os coñecementos precisos a persoa discente que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

Neste curso, so contamos cunha alumna en Grego I, polo que as clases serán 100% individualizadas e adaptadas ás necesidades e dificultades que poidan xurdir.

De maneira xeral, e no caso de que se incorpore novo alumnado, realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan segundo as seguintes consideracións:

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo o Grego I unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, adoptaranse medidas como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.

- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.



- alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

En todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X		
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.			X		X			
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.			X	X	X			
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X		X	
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.					
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.					
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.					

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.					
ET.10 - A educación para a paz.					

### Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Asistencia ao festival de teatro grecolatino de Galicia	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente.		X	X
2 Participación no concurso en liña "Odisea".	Concurso sobre coñecementos do mundo clásico organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos en torno ao mes de febreiro.		X	X
3. Ludi Compostellani	Diferentes actividades relacionadas coa cultura clásica organizados polo SEEC-Galicia, en colaboración co grupo de investigación ¿Estudios Clásicos e Medievais¿ da USC: xogos, obradoiros, espectáculos...		X	X

### Observacións:

1. A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade angular da materia, dado que en función destas representacións hanse marcar as lecturas do curso. Temporalización: en función das obras e sede que se collan.
2. A primeira fase lévase a cabo en horario lectivo ao longo de catro días. A fase de desempte local ou a final estatal poden ter lugar fóra do horario lectivo.
3. A data será concretada pola organización.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.
Metodoloxía empregada
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.

### Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o Departamento celebra, como mínimo cada mes, e especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que os membros do Departamento o consideren oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**